



**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA DAR CONTA DAS  
SUBSANACIÓNS EFECTUADAS, XUSTIFICACIÓN DA BAIXA  
DESPROPORCIONADA E, SE PROCEDE, FORMULAR PROPOSTA DE  
ADXUDICACIÓN DO CONTRATO AO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN**

Expediente Contratación: <b>4021/2021</b>	
Tipo de contrato: <b>SERVIZOS</b>	
Obxecto do contrato: <b>XESTORÍA LABORAL DO CONCELLO DE CAMBADOS</b>	
Procedemento de contratación: <b>Aberto simplificado.</b>	
Tramitación: <b>Ordinaria.</b>	
Código CPV: 79631000-6 Servizos de persoal e nóminas.	
Prezo estimado: <b>14.049,59 €</b>	IVE: <b>2.950,41 €</b>
Orzamento base de licitación: <b>17.000,00 € anuais</b>	
Duración: <b>1 ANO</b>	Previsión de prórrogas: <b>Tres de 1 ano cada unha delas.</b>

Na Oficina do Servizo de Contratación, o día 30/03/2022, ás dez horas e cinco minutos, reúnese novamente a Mesa de Contratación integrada polo Alcalde, D. Samuel Lago Ozón (*presencial*), o Secretario municipal, D. Miguel Rodríguez de Vicente-Tutor (*presencial*), a Interventora municipal, D<sup>a</sup> Paula Cacabelos Otero (*videoconferencia*), o Arquitecto Técnico Municipal, D. Pelayo Eyo Valladares (*presencial*), a funcionaria do Servizo de Contratación, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Mar Mondragón Treviño (*presencial*), co obxecto de proceder a dar conta das subsanacións efectuadas (5), xustificación da baixa desproporcionada (1) e, se procede, formular proposta de adxudicación do contrato ao órgano de contratación.

**1º.- ANTECEDENTES.**

Da Acta da Mesa de Contratación, en sesión celebrada o pasado día 08/03/2022, desprende o seguinte:

Nº	Empresa	Valor estimado	IVE	Orzamento base	CRITERIOS ADXUDICACIÓN		
		14.049,59	2.950,41	17.000,00	Baixa	Acreditación Idoneidade equipo	Acreditación Asesoramento legal
1	BARCI, S.L.	8.500,00	1.785,00	10.285,00	6.715,00	Non (1)	Si
2	UNIPRO-PONTEVEDRA, S.L.	7.810,00	1.640,10	9.450,10	7.549,90	Non (2)	Si
3	MULTIGESTIÓN ASES, S.L.	7.110,00	1.493,10	8.603,10	8.396,90 (3)	Non (3.1)	Si
4	GAESA ASESORES S.L.P. (4)	11.376,00	2.388,96	13.764,96	3.235,04	Si	Si
5	MARTINEZ Y LILLO, S.L.P.	9.000,00	1.890,00	10.890,00	6.110,00	Non (5)	Si
6	CANEDA Y CHAMOSA, S.L.	12.950,00	2.719,50	15.669,50	1.330,50	Non	Non
<b>REQUIRIMENTOS A EFECTUAR:</b>							
(1)	BARCI, S.L. A documentación presentada non acredita que a <b>persoa proposta</b> como responsable do equipo adscrito á execución do contrato posúa experiencia na execución de contratos de xestoría laboral formalizados coa Administración Pública consonte ao establecido na cláusula 14ª e coa forma establecida no Anexo III do Prego (certificado expedido ou visado polo órgano competente da Administración Pública onde se prestasen os servizos de referencia). Declara <b>non estar inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público</b> o que é causa de exclusión do procedemento consonte ao disposto no artigo 159.4 a) da LCSP e cláusula 16ª do prego.						
(2)	UNIPRO-PONTEVEDRA, S.L. A documentación presentada non acredita que a <b>persoa proposta</b> como responsable do equipo adscrito á execución do contrato posúa experiencia na execución de contratos de xestoría laboral formalizados coa Administración Pública consonte ao establecido na cláusula 14ª e coa forma establecida no Anexo III do Prego (certificado expedido ou visado polo órgano competente da Administración Pública onde se prestasen os servizos de referencia).						





**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA DAR CONTA DAS  
SUBSANACIÓNS EFECTUADAS, XUSTIFICACIÓN DA BAIXA  
DESPROPORCIONADA E, SE PROCEDE, FORMULAR PROPOSTA DE  
ADXUDICACIÓN DO CONTRATO AO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN**

(3)	<b>MULTIGESTIÓN ASES, S.L.</b> ►Identificada a proposición como desproporcionada ou anormal, darase audiencia polo prazo de cinco días hábiles, para que xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma, nos termos establecido na Cláusula 17 do Prego.
(3.1.)	►A documentación presentada non acredita que a <b>persoa proposta</b> como responsable do equipo adscrito á execución do contrato posúa experiencia na execución de contratos de xestión laboral formalizados coa Administración Pública consonte ao establecido na cláusula 14ª e coa forma establecida no Anexo III do Prego (certificado expedido ou visado polo órgano competente da Administración Pública onde se prestasen os servizos de referencia).
(4)	<b>GAESA ASESORES SLP</b> Non aporta número de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público.
(5)	<b>MARTÍNEZ Y LILLO, S.L.P.</b> ►A documentación presentada non acredita que a <b>persoa proposta</b> como responsable do equipo adscrito á execución do contrato posúa experiencia na execución de contratos de xestión laboral formalizados coa Administración Pública consonte ao establecido na cláusula 14ª e coa forma establecida no Anexo III do Prego (certificado expedido ou visado polo órgano competente da Administración Pública onde se prestasen os servizos de referencia). ►Non aporta número de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público.

**2º.- RESULTADO DA PRÁCTICA DOS REQUIRIMENTOS EFECTUADOS ÁS  
EMPRESAS, ACORDADOS POLA MESA DE CONTRATACIÓN, EN SESIÓN DO  
08/03/2022 e 14/03/2022:**

Dando cumprimento ao acordado pola Mesa de Contratación, en sesión do 08/03/2022, practicáronse os requirimentos que se resumen seguidamente:

PRÁCTICA DOS REQUIRIMENTOS:		Prazo de 3 días hábiles Subsanacións		Prazo de 5 días hábiles Xustificación baixa
EMPRESAS	NOTIFICACIÓN REQUIRIMENTO	DATA RECEPCIÓN	FIN PRAZO	RECEPCIÓN DOCUMENTACIÓN
1	BARCI, S.L. (*)	2022-S-RE-475 09/03/2022	09/03/2022 14/03/2022	2022-E-RE-629 10/03/2022
2	UNIPRO-PONTEVEDRA, S.L.	2022-S-RE-476 09/03/2022	09/03/2022 14/03/2022	2022-E-RE-644 14/03/2022
3	MULTIGESTIÓN ASES, S.L.	2022-S-RE-479 09/03/2022	09/03/2022 16/03/2022	2022-E-RE-635 11/03/2021
3	MULTIGESTIÓN ASES, S.L.	2022-S-RE-479 09/03/2022	09/03/2022 14/03/2022	2022-E-RE-635 11/03/2021
4	GAESA ASESORES S.L.P.	2022-S-RE-477 09/03/2022	09/03/2022 14/03/2022	2022-E-RE-626 09/03/2022
5	MARTINEZ Y LILLO, S.L.P.	2022-S-RE-478 09/03/2022	09/03/2022 14/03/2022	Non contesta ao requirimento
(*)	BARCI, S.L. solicita así mesmo, a ampliación do prazo de 3 días hábiles para a subsanación, adoptándose acordo ao respecto pola Mesa de Contratación o día 14/03/2022.			
<b>ACORDO ADOPTADO POLA MESA DE CONTRATACIÓN</b>	Sesión celebrada 14/03/2022 11:03	Visto que se trata dun procedemento de concorrencia competitiva e que con esta ampliación perxudicariáanse dereitos de terceiros, tendo en conta que a documentación acreditativa requirida xa se detallaba nos pregos administrativos particulares tendo tempo suficiente para solicitala durante o prazo de presentación de proposicións e sobre a cal aínda se concedeu prazo de corrección, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros, <b>ACORDA:</b> 1.Denegar expresamente a solicitude presentada Dª Laura Barrena Cifuentes, en representación da entidade BARCI, S.L. con CIF B8257498 pola que solicita unha ampliación do prazo de corrección de tres días concedido pola Mesa de Contratación do servizo de xestión laboral en data de 08.03.2022 e reiterarse en que deberá aportar a documentación indicada no requirimento practicado o 09/03/2022. 2.Notificar a presente Resolución á mercantil interesada.		
<b>TRASLADO DA ACTA DA MESA DE</b>	Rexistro Saída 2022-S-RE-505	<b>RECEPCIÓN DO TRASLADO DA ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN EN SEDE ELECTRÓNICA</b>		14/03/2022





## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA DAR CONTA DAS SUBSANACIÓNS EFECTUADAS, XUSTIFICACIÓN DA BAIXA DESPROPORCIONADA E, SE PROCEDE, FORMULAR PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO AO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

CONTRATACIÓN	14/03/2022 11:56		11:56
NOTIFICACIÓN ACORDO MESA CONTRATACIÓN	Rexistro Saída 2022-S-RE-505 14/03/2022 14:53	RECEPCIÓN DA NOTIFICACIÓN NO PUNTO ACCESO XERAL	15/03/2022 08:02

### 3.- CONTESTACIÓNS AOS REQUIRIMENTOS DE SUBSANACIÓN.

Recibida e comprobada a documentación de subsanación presentada polas empresas, relativa nuns casos á inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas e noutros á idoneidade do equipo adscrito á execución do contrato, de conformidade co establecido na Cláusula 14 do Prego, na que se di:

“... b) *Idoneidade do equipo adscrito á execución do contrato.*

*Deberá designarse un responsable encargado da execución da prestación de acordo co modelo que figura no Anexo III. Valorarase que o responsable do equipo adscrito á execución do contrato posúa experiencia na execución de contratos de xestoría laboral formalizados coa Administración Pública.*

*A estes efectos o responsable da execución do contrato deberá identificarse con nome e apelidos acompañándose a titulación que se posúa, presentando para tal fin o seu curriculum vitae con copia da súa titulación e, no seu caso, a acreditación da súa experiencia.*

*A acreditación da experiencia deberá xustificarse acompañándose da presentación de certificado expedido ou visado polo órgano competente da Administración Pública onde se prestasen os servizos de referencia...”.*

no cadro que se inserta seguidamente, indícase o cumprimento do requirimento:

		RECEPCIÓN DA DOCUMENTACIÓN DE SUBSANACIÓN	INSCRICIÓN REXISTRO CONTRATISTAS	IDONEIDADE EQUIPO ADSCRITO Á EXECUCIÓN CONTRATO Cláusula 14 SI/NON CUMPRE
1	BARCI, S.L.	2022-E-RE-629 10/03/202	SI	NON
2	UNIPRO-PONTEVEDRA, S.L.	2022-E-RE-644 14/03/2022	NON REQUIRIDA	NON
3	MULTIGESTIÓN ASES, S.L. (Incursa en presunción de anormalidade)	2022-E-RE-635 11/03/2021	NON REQUIRIDA	SI
4	GAESA ASESORES S.L.P.	2022-E-RE-626 09/03/2022	SI	NON REQUIRIDO
5	MARTINEZ Y LILLO, S.L.P.	NON CONTESTA AO REQUIRIMENTO		

A Mesa de Contratación, por unanimidade, **acorda:**

1º.- Aceptar a subsanación da inscrición no ROLECE das empresas Barci, S.L. e Gaesa Asesores, S.L.

2º.- Rexeitar as xustificacións da idoneidade dos equipos adscritos á execución do contrato, presentadas polas empresas Barci, S.L. e Unipro-Pontevedra, S.L., ao non acreditarse o cumprimento do establecido na Cláusula 14 do Prego e o Anexo III (que o responsable do equipo adscrito á execución do contrato posúa experiencia na execución de contratos de xestoría laboral formalizados coa Administración Pública acompañándose certificado expedido ou visado polo órgano competente da Administración Pública onde se prestasen os





## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA DAR CONTA DAS SUBSANACIÓNS EFECTUADAS, XUSTIFICACIÓN DA BAIXA DESPROPORCIONADA E, SE PROCEDE, FORMULAR PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO AO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

servizos de referencia acreditativo de tal circunstancia) polo que, segundo a Cláusula 15 Criterios para a adxudicación, a falta desta acreditación implica a non valoración deste criterio para as citadas empresas.

### 4.- DAR CONTA DO INFORME TÉCNICO Á XUSTIFICACIÓN DA OFERTA INCURSA EN BAIXA DESPROPORCIONADA (MULTIGESTIÓN ASES, S.L.):

Seguidamente dáse lectura ao informe emitido, en data 24/03/2022, relativo á xustificación da baixa desproporcionada presentada por **Multigestión Ases, S.L.**, no expediente de licitación para adxudicar o contrato de servizo de “Xestoría Laboral do Concello de Cambados”, que é do tenor literal seguinte:

“... Rematado o prazo de presentación das ofertas para tomar parte no procedemento de licitación aberto simplificado do “SERVIZO DE XESTORIA LABORAL” (Expte. contratación nº 4021/2021), o 08/03/2022 reuniuse a Mesa de Contratación co obxecto de proceder á apertura dos arquivos electrónicos das ofertas e á cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos a que se refiren os artigos 140 e 141 da LCSP.

A teor das ofertas económicas presentadas e en virtude do estipulado na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, a Mesa advertiu que a oferta presentada por MULTIGESTIÓN ASES, S.L. achábase incursa en temeridade polo que requiríuse ao licitador para que, no prazo de cinco días hábiles, xustificara a valoración da oferta e precisara as condicións da mesma, nos termos establecidos na cláusula 17 do Prego, que se reproduce a continuación.

“Cando se identifique unha proposición que poida ser considerada desproporcionada ou anormal, deberá darse audiencia nun prazo de cinco días hábiles ao licitador que a presentase para que xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire aos seguintes valores:

- a) O aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción.
- b) As solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras.
- c) A innovación e orixinalidade das solucións propostas, para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras.
- d) O respecto de obrigacións que resulten aplicables en materia ambiental, social ou laboral, e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por baixo de mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 da LCSP.
- e) Ou a posible obtención dunha axuda de Estado.”

Con data 11/03/2022 o licitador presenta a seguinte xustificación:

“Que en fecha 9 de marzo de 2022, se le requiere a los efectos de que justifique la oferta anormalmente baja del contrato de SERVICIOS DE GESTORIA LABORAL PARA EL CONCELLO DE CAMBADOS.

Que, con objeto de dar cumplimiento al mismo, por medio del presente refiere los siguientes  
EXTREMOS

#### **PRIMERO.- SOLUCIONES TÉCNICAS APORTADAS**

En el departamento laboral de Multigestión Ases, S.L. se ha instaurado un sistema de gestión por procesos, que permite la optimización de las tareas, simplificando las manuales y optando por un sistema informatizado que permite un rendimiento en las gestiones de tiempo, que además de cumplir con la normativa laboral y de protección de datos, elimina errores y reduce tiempos de proceso.

En concreto para el Proyecto presentado al CONCELLO DE CAMBADOS, se realizaría con la herramienta de gestión laboral MICROAREA WINLAB 8.0. Software de gestión laboral, nómina, Seguridad Social y recursos humanos que le ofrece el tratamiento completo de su departamento laboral.

Facilita la utilización de los avances telemáticos que ha ido introduciendo la administración tales como R.E.D., Delt@, Contrat@, envío por lotes a la A.E.A.T., etc.





## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA DAR CONTA DAS SUBSANACIÓN Efectuadas, XUSTIFICACIÓN DA BAIXA DESPROPORCIONADA E, SE PROCEDE, FORMULAR PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO AO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

La versión utilizada por Multigestión, está basada en MS SQL Server para el manejo de las bases de datos. Potencia, seguridad, velocidad y control son las ventajas fundamentales que aporta esta database. Otro factor importante es la capacidad del software de ser utilizado simultáneamente por un número ilimitado de usuarios e, incluso, acceder al mismo de forma remota. Con esta opción, se permite cumplir el requerimiento del CONCELLO DE CAMBADOS de acceso o consulta a la base de datos laboral del personal del citado organismo (como refieren en la oferta), para lo cual se otorgarían las correspondientes autorizaciones según se refiera en el contrato de encargo de tratamiento.

Se trata de una herramienta altamente contrastada con más de 150.000 aplicaciones instaladas, lo que nos da la garantía de prestación óptima de los servicios ofertados al CONCELLO DE CAMBADOS. En la actualidad, desde Multigestión se gestiona la asesoría laboral de más de 200 empresas (empresas privadas y organismos públicos) con dicha herramienta informática.

De igual manera ofrecemos como mejora para la propuesta del CONCELLO DE CAMBADOS, el poder utilizar el portal web "E-WinLab".

E-WinLab es el complemento perfecto para la comunicación en materia laboral y cumplimiento del RGPD y LO 3/2018 (comunicación CONCELLO DE CAMBADOS -Asesoría en este caso, y ampliable a trabajadores al facilitarles el acceso a sus nóminas y certificados en tiempo real y con las premisas correspondientes de calidad).

El CONCELLO DE CAMBADOS podría recibir la totalidad de documentos que la asesoría confecciona para éste (nóminas, listados, etc..), y asimismo podría volcarse en el portal la documentación individualizada de cada trabajador (en su propio buzón exclusivo).

De igual forma se podría utilizar con otros fines (si el CONCELLO DE CAMBADOS lo requiere), tales como comunicar incidencias, días de vacaciones, ausencias extraordinarias. También nos permite visualizar horarios horario previsto y el calendario laboral.

Con su uso se consigue agilizar la comunicación y tramitación de los documentos en materia laboral entre la asesoría y CONCELLO DE CAMBADOS y entre éste y sus empleados, con el consabido ahorro de costes.

Este portal está vinculado con nuestro programa de nóminas, de forma que en el preciso instante en que se genere desde el programa de nóminas cualquier documento, informe, etc. éste puede ser publicado automáticamente en el usuario de la empresa o del trabajador que lo solicite.

En concreto los ahorros de costes que nos permite la utilización de la herramienta E-Winlab con respecto al proyecto del CONCELLO DE CAMBADOS, se concreta en los siguientes aspectos:

- a) El destinatario de los documentos laborales puede acceder de forma inmediata a la impresión de los modelos generados por el programa de nóminas en cualquier formato.
- b) El destinatario del documento no precisa de instalación alguna. Simplemente requerirá un acceso a Internet.
- c) Los documentos enviados se alojan en servidores seguros en formato encriptado, de forma que los datos no viajan a través de Internet evitando así la posibilidad de inseguridad de datos. Ello nos permite el cumplimiento preciso en las comunicaciones debido según el RGPD y la LO 3/2018.
- d) La utilización de la plataforma es muy sencilla e intuitiva.
- e) Acceso desde todo tipo de dispositivos. Está disponible la APP para Android e IOS. También disponible la versión web a través del siguiente link: <https://www.e-winlab.com>

Las principales utilidades que ofrece esta plataforma, son las siguientes:

- 1) Documentos: En este apartado encontraremos tanto las nóminas como el resto de documentos que tanto la gestoría como la empresa crean conveniente poner a disposición de los trabajadores y la empresa.
- 2) Permisos y ausencias: Permite la solicitud por parte de los trabajadores de permisos y ausencias laborales para su posterior aprobación o denegación por parte de la empresa (vacaciones, licencias...).
- 3) Calendario Laboral: Estará publicado el calendario laboral de cada trabajador, de forma que éste podrá consultar los días festivos, horarios, vacaciones...
- 4) Vida Laboral: Informa el histórico de bases de cotización, bases de IRPF, retenciones, deducciones, brutos y netos de las nóminas.
- 5) Datos identificativos: Permite que propio trabajador modifique sus datos personales en el caso de que surja alguna modificación: domicilio, número de teléfono, cuenta bancaria...
- 6) Noticias: CONCELLO DE CAMBADOS puede publicar noticias de interés, las cuales se volcarán automáticamente a la plataforma de los empleados para su visualización.





**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA DAR CONTA DAS  
SUBSANACIÓN Efectuadas, XUSTIFICACIÓN DA BAIXA  
DESPROPORCIONADA E, SE PROCEDE, FORMULAR PROPOSTA DE  
ADXUDICACIÓN DO CONTRATO AO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN**

Dichas circunstancias permiten llevar a cabo una reducción de los tiempos según se detalló, a la par que de costes.

**SEGUNDO.- AHORRO QUE PERMITE EL PROCEDIMIENTO DE EJECUCIÓN DEL CONTRATO.**

En esencia, los procesos identificados para la gestión del contrato **SERVICIOS DE GESTORIA LABORAL PARA EL CONCELLO DE CAMBADOS**, Multigestión los identifica de la siguiente forma, de acuerdo con la descripción del pliego:

- Cálculo y revisión de nóminas
- Tramitación de incidencias en nómina y embargos
- Seguros sociales
- Vencimientos de contrato, variaciones y novaciones
- Alta empresa (contratos) y bajas empresa (liquidaciones y finiquitos)
- Generación listados costes y envío de nóminas
- Bajas médicas y accidentes de trabajo
- Elaboración y envío modelo 111 y 190
- Asesoramiento
- Otros servicios

Según la información facilitada por el **CONCELLO DE CAMBADOS** habría que realizar nóminas para 82 empleados. Esto supone un volumen estimado en cómputo anual de entre 984 y 1148 nóminas.

En cuanto a la asignación temporal del contrato, sobre los procesos descritos, se estima una dedicación media mensual de 23,2 horas (**VARIABLE, PERO AJUSTADO A LOS PERIODOS TEMPORALES DE CONTRATACIÓN REFERIDOS EN LOS PLIEGOS**), con el siguiente desglose:

Proceso	Horas/Mes	Coste/hora recurso asignado	Total
Cálculo y revisión de nóminas	6,2	11,05 €	68,51 €
Tramitación incidencias en nómina y embargos	1,3	11,05 €	14,37 €
Seguros sociales	1,2	14,27 €	17,12 €
Vencimientos de contrato, variaciones y novaciones	2,2	14,23 €	31,31 €
Altas empresa (contratos) y bajas empresa (liquidaciones y finiquitos)	2,4	11,05 €	26,52 €
Generación listados costes y envío de nóminas	1,6	14,27 €	22,83 €
Bajas médicas y accidentes de trabajo	1,8	14,23 €	25,61 €
Elaboración y envío modelo 111 y 190.	1,5	14,27 €	21,41 €
Asesoramiento	3,5	50,00 €	175,00 €
Otros servicios	1,5	20,00 €	30,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>23,2</b>		<b>432,68 €</b>

El coste total de los RRHH asignados al contrato, con aplicación del convenio colectivo de Multigestión (XVII Convenio colectivo estatal de empresas de consultoría y estudios de mercado y de la opinión pública) sería el siguiente:

- AREA 1, GRUPO C, NIVEL 1 CONVENIO COLECTIVO: 14,27€/ hora.
- AREA 1, GRUPO C, NIVEL 1 CONVENIO COLECTIVO: 14,23€/ hora.
- AREA 1, GRUPO C, NIVEL 3 CONVENIO COLECTIVO: 11,05€/ hora.
- COSTE HORA LETRADO ASIGNADO: 50€/ hora.
- COSTE HORA OTROS SERVICIOS: 20€/ hora

Por cuanto se refiere a la repercusión de los costes de estructura del departamento laboral de la asesoría en función del nivel de facturación quedaría determinado de la siguiente forma:

GASTOS DE ESTRUCTURA	PRECIO MES
Alquileres	1.300,00 €
Equipos	1.000,00 €
Suministros	1.166,00 €
Bases Datos	750,00 €
Seguro Responsabilidad Civil (600,000 euros)	142,00 €
Prevención de riesgos laborales	130,00 €
Mantenimiento Programa Nominas y E Winlab	225,00 €
Otros	980,00 €
<b>TOTALES</b>	<b>5.693,00 €</b>
<b>ASIGNACION DEPARTAMENTO LABORAL 35%</b>	<b>1.992,55 €</b>
<b>ASIGNACION HORA TRABAJO DPTO LABORAL/MES</b>	<b>4,07 €</b>





## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA DAR CONTA DAS SUBSANACIÓNS EFECTUADAS, XUSTIFICACIÓN DA BAIXA DESPROPORCIONADA E, SE PROCEDE, FORMULAR PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO AO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

En concreto y por cuanto a la oferta presentada para el CONCELLO DE CAMBADOS, se estima un coste mensual de:

- Coste salarial personal Multigestión ajustado a los procesos: 432,68€
- Gastos estructura 4,07€ x 23,20 horas: 94,34€
- Beneficio industrial 10%: 52,70€
- TOTAL: 579,72€

Teniendo en cuenta que la oferta para cada año de contrato son 7.110€ + IVA, el costo + beneficio ascendería a 579,72€ x 12 = 6.956,64 €, esto es, 153,36 euros anuales por debajo de la oferta presentada por esta mercantil.

Por ende, queda plenamente acreditada la justificación de la oferta presentada y en base a ello se considera que la prestación puede ser normalmente cumplida con los recursos y en base a los importes detallados.

Se debe de resaltar que en la metodología de cómputo se ha tenido en cuenta igualmente el desarrollo tecnológico del despacho, que permite ser competitiva a esta oferta presentada y de la forma descrita.

Por todo lo anteriormente expuesto, y según lo solicitado a esta mercantil,

SOLICITA AL CONCELLO DE CAMBADOS que se tenga por evacuado el trámite solicitado de justificación, en el plazo de cinco días hábiles, que su proposición para la realización del contrato de GESTORÍA LABORAL de dicha entidad, con todo lo demás que proceda.”

Os cálculos presentados para a xustificación por parte do licitador parten dun volume estimado de nóminas anuais de entre 984 e 1148 nóminas.

De acordo coa cláusula 5ª do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e a cláusula 7ª do Prego de Prescricións Técnicas:

“O prezo inclúe a realización dos trámites descritos no prego de prescricións técnicas para todo o persoal ao servizo do Concello de Cambados (de persoal funcionario, laboral fixo e de duración determinada) que en cada momento preste servizos para esta Administración.

Neste sentido a última relación de nóminas do persoal adscrito a postos da relación de postos de traballo ascendeu a 82 traballadores (nómina do mes de xaneiro 2022). Este número vese incrementado ao longo do ano en función dos diversos plans autonómicos e provinciais aos que se acolle o Concello de Cambados e das necesidades temporais da Administración Local, ascendendo o número de nóminas de persoal que non ocupa posto na relación de postos de traballo a 14 no mes de xaneiro 2022 e sendo a media mensual de persoal temporal que non ocupa posto na relación de postos de traballo no último ano (2021) de 63 nóminas.”

Polo tanto, tomando os datos recollidos no Prego, a media mensual de nóminas no Concello de Cambados é de 145 (82 traballadores postos RPT + 63 traballadores temporais), o que supón un volume de 1740 nóminas anuais (aumentando a 1904 se temos en conta as nóminas correspondentes as pagas extras do persoal de plantilla), sendo un importe considerablemente superior ao que utiliza o licitador para os cálculos presentados na xustificación.

O licitador presenta a continuación un cadro co número de horas que “estima” adicará mensualmente á prestación do contrato, sen especificar os cálculos utilizados para chegar a esa estimación nin expoñer se teñen relación coa previa estimación de número de nóminas a elaborar. En base a esas horas estimadas realiza os cálculos dos custos.

De igual modo, e tendo en conta que da xustificación presentada se deduce que non se están a ter en conta o incremento mensual de nóminas que xa prevé o prego de cláusulas, pódese concluír que o número de horas de dedicación previsto pola licitadora resultará insuficiente o que comprometerá, en última instancia, aos custos laborais do propio contrato. Os cálculos realizados polo contratista no que se fai valer o cumprimento dos convenios colectivos de aplicación, baséase na realización dun número de nóminas erróneo.

O artigo 149.4 da LCSP establece que en todo caso, os órganos de contratación rexeitarán as ofertas se comprobamos que son anormalmente baixas porque vulneran a normativa sobre subcontratación ou non cumpren as obrigacións aplicables en materia ambiental, social ou laboral, nacional ou internacional, incluíndo o incumprimento dos convenios colectivos sectoriais vixentes, en aplicación do establecido no artigo 201.

Entenderase en todo caso que a xustificación non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador cando esta sexa incompleta ou se fundamente en hipóteses.





## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA DAR CONTA DAS SUBSANACIÓNS EFECTUADAS, XUSTIFICACIÓN DA BAIXA DESPROPORCIONADA E, SE PROCEDE, FORMULAR PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO AO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

Neste caso a licitadora parte dunha premisa errónea, o número de nóminas a elaborar mensualmente non ascenderá a 82 senón a un número moi superior que xa é previsible segundo o descrito na cláusula 7ª do prego e que deixaría sen marxe de beneficio á oferta presentada comprometendo o cumprimento das obrigas laborais e a propia viabilidade económica da execución do contrato.

Deste xeito, o requirimento facía referencia expresa a necesiadade de dar cumprimento ás obrigas que resulten aplicables en materia ambiental, social ou laboral, cuestión configurada como condición especial de execución na cláusula 36 do prego.

Traer a colación a continuación a Resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais n.º 478/2020 de 02 de abril de 2020 que expresa,

*“Sexto. Por outra parte, y en cuanto a la justificación material de la baja en la oferta y de su rechazo, debe destacarse que en nuestro caso, el eventual incumplimiento podría afectar a las obligaciones laborales.*

*Así, el artículo 149.4, penúltimo párrafo, de la LCSP establece que «en todo caso, los órganos de contratación rechazarán las ofertas si comprueban que son anormalmente bajas porque vulneran la normativa sobre subcontratación o no cumplen las obligaciones aplicables en materia medioambiental, social o laboral, nacional o internacional, incluyendo el incumplimiento de los convenios colectivos sectoriales vigentes, en aplicación de lo establecido en el artículo 201».*

*El citado artículo 201 establece en sus dos primeros apartados que «los órganos de contratación tomarán las medidas pertinentes para garantizar que en la ejecución de los contratos los contratistas cumplen las obligaciones aplicables en materia medioambiental, social o laboral establecidas en el derecho de la Unión Europea, el derecho nacional, los convenios colectivos o por las disposiciones de derecho internacional medioambiental, social y laboral que vinculen al Estado y en particular las establecidas en el anexo V.*

*Lo indicado en el párrafo anterior se establece sin perjuicio de la potestad de los órganos de contratación de tomar las oportunas medidas para comprobar, durante el procedimiento de licitación, que los candidatos y licitadores cumplen las obligaciones a*

*que se refiere el citado párrafo».*

*Es evidente, pues, que la LCSP produce una mayor vinculación de la contratación pública con el cumplimiento de la normativa laboral. Difícilmente el órgano de contratación puede garantizar que en la ejecución del contrato se puedan cumplir con las obligaciones aplicables en materia laboral, si ya de inicio el adjudicatario no reflejase en su oferta económica el coste real del personal”*

Neste caso se xustifica o cumprimento do convenio colectivo de aplicación en base a un cadro co número de horas que “estima” adicará mensualmente á prestación do contrato, sen especificar os cálculos utilizados para chegar a esa estimación e se fai baseándose nun número de nóminas moi inferior ao que finalmente deberá afrontar á licitadora o que permite concluír que a oferta e os cálculos xustificativos que presenta adolecen de inconsistencia.

Ademais, e polo que respecta aos gastos de estrutura, non se especifica o custo previsto para facer fronte á obriga imposta na cláusula 32ª do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares:

*“De acordo co artigo 76.2 da LCSP o adjudicatario deberá asumir o compromiso de adscribir á execución do contrato unha oficina de atención presencial dos traballadores do Concello de Cambados nalgún dos Concellos do ámbito territorial que comprende a oficina da Tesourería Xeneral da Seguridade Social en Pontevedra ou a Estrada.”*

Cabe anticipar que o prego de cláusulas prevé como un incumprimento moi grave do contrato na súa cláusula 34.1.6 a “Falta de elementos e/ou medios para a prestación do servizo”. Nos gastos de estrutura que se fan valer non se referencian os dedicados a esta condición de execución.

En base á motivación anterior e de acordo coa cláusula 17ª do prego e o artigo 149.4 da LCSP, estímase, procedería a adopción do seguinte acordo por parte da Mesa de Contratación,







**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA DAR CONTA DAS  
SUBSANACIÓNS EFECTUADAS, XUSTIFICACIÓN DA BAIXA  
DESPROPORCIONADA E, SE PROCEDE, FORMULAR PROPOSTA DE  
ADXUDICACIÓN DO CONTRATO AO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN**

Rexeitar a oferta presentada por Multigestion Ases SL ao considerala anormalmente baixa pola motivación anterior e excluila do procedemento de licitación.

Informe que se emite en calidade de responsables técnicos dos servizos de Secretaria Intervención e membros da Mesa de Contratación...”

A Mesa de Contratación, á vista do informe de referencia e por unanimidade, **acorda, rexeitar a oferta da empresa “MULTIGESTIÓN ASES, S.L.” ao considerala anormalmente baixa e excluila do procedemento de licitación.**

**5.- INFORME DO TÉCNICO MUNICIPAL RELATIVO Á BAIXA  
DESPROPORCIONADA E A VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS.**

Seguidamente dáse conta do informe do técnico municipal, emitido en 30/03/2022, que transcrito di:

“... A la vista del Pliego de Condiciones aprobado al efecto, y teniendo en cuenta las ofertas económicas presentadas, que se detallan en el siguiente cuadro :

Nº	Empresa	Licitación	Oferta	Baja
1	Barci, S.L.	17.000,00	10.285,00	6.715,00
2	Unipro- Pontevedra, S.L.	17.000,00	9.450,10	7.549,90
3	Multigestion Ases, S.L.	17.000,00	8.603,10	8.396,90
4	Gaesa Asesores, S.L.P.	17.000,00	13.764,96	3.235,04
5	Martínez y Lillo, S.L.P.	17.000,00	10.890,00	6.110,00
6	Caneda y Chamosa, S.L.	17.000,00	15.669,50	1.330,50
	MEDIA		11.443,78	
	10%		1.144,38	
	<b>MEDIA + 10%</b>		<b>12.588,15</b>	

“...4.Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Con todo, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a dita media en máis de 10 unidades porcentuais, procederase ao cálculo dunha nova media só coas ofertas que non se atopen no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía...”

Calculo la media de las ofertas de precio presentadas, que se establece en 11.443,78 €, y calculado y añadido a esta media el 10% de la misma, de conformidad con el Pliego de Condiciones, esta se establece en 12.588,15 €, con lo que para calcular una posible baja desproporcionada utilizaremos las ofertas números 1, 2, 3 y 5, ya que ninguna supera la media más el 10 %.. A continuación calcularemos la nueva media descartando las ofertas 4 y 6, quedando el siguiente cuadro:

Nº	Empresa	Licitación	Oferta	Baixa
1	Barci, S.L.	17.000,00	10.285,00	6.715,00
2	Unipro- Pontevedra, S.L.	17.000,00	9.450,10	7.549,90
3	Multigestion Ases, S.L.	17.000,00	8.603,10	8.396,90
5	Martínez Lillo	17.000,00	10.890,00	6.110,00





**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA DAR CONTA DAS  
SUBSANACIÓN Efectuadas, XUSTIFICACIÓN DA BAIXA  
DESproporcionada E, SE PROCEDE, FORMULAR PROPOSTA DE  
ADXUDICACIÓN DO CONTRATO AO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN**

MEDIA	9.807,05
10%	980,71
<b>MEDIA - 10%</b>	<b>8.826,35</b>

Una vez restado el 10% a la media calculamos el límite de la oferta para considerarla desproporcionada y este importe se establece en 8.826,35 € (9.807,05-980,71) observándose que la única oferta que esta por debajo de este límite es la de la empresa **MULTIGESTION ASES, S.L.** motivo por el que adoptaremos el criterio establecido en el Pliego de:

“...Cando se identifique unha proposición que poida ser considerada desproporcionada o anormal, deberá darse audiencia nun prazo de cinco días hábiles ao licitador que a presentase para que xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire aos seguintes valores:

- a) O aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción.
- b) As solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras.
- c) A innovación e orixinalidade das solucións propostas, para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras.
- d) O respecto de obrigacións que resulten aplicables en materia ambiental, social ou laboral, e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por baixo de mercado ou que incumpran o artigo 201 da LCSP.
- e) Ou a posible obtención dunha axuda de Estado...”

Visto el informe técnico de fecha 24.03.2022, emitido en base a los argumentos presentados por la empresa “**MULTIGESTION ASES, S.L.**”, donde trata de justificar la oferta presentada, considerada inicialmente como desproporcionada, y en el que en definitiva propone rechazarla por los motivos incluidos en el mismo y pasando a la valoración de las ofertas restantes, y teniendo en cuenta el acta de la mesa de contratación de 8 de marzo de 2.022, obtenemos el siguiente cuadro:

Nº	EMPRESA	OFERTA	BAJA	PUNTOS BAJA	PUNTOS IDONEIDAD EQUIPO	PUNTOS ASESORAMTO. LEGAL	TOTAL PUNTOS
1	Barci, S.L.	10.285,00	6.715,00	4,45	0,00	1,00	5,45
2	<b>Unipro- Pontevedra, S.L.</b>	<b>9.450,10</b>	<b>7.549,90</b>	<b>5,00</b>	<b>0,00</b>	<b>1,00</b>	<b>6,00</b>
4	Gaesa Asesores, S.L.P.	13.764,96	3.235,04	2,14	2,00	1,00	5,14
5	Martínez y Lillo, S.L.P.	10.890,00	6.110,00	4,05	0,00	1,00	5,05
6	Caneda y Chamosa, S.L.	15.669,50	1.330,50	0,88	0,00	0,00	0,88

A la vista de todo ello, se observa que la mejor oferta es la presentada por la empresa “**Unipro-Pontevedra, S.L.**”, por lo que mi informe es favorable a la adjudicación del Servicio de Gestoría Laboral a esa empresa...”

**6.- COMPROBACIÓN DA INSCRICIÓN NO REXISTRO OFICIAL DE LICITADORES DA EMPRESA PROPOSTA COMO ADXUDICATARIA.**

Seguidamente procédese a dar cumprimento ao establecido na Cláusula 16 do Prego na que se di que “...En relación co licitador proposto como adxudicatario, a mesa comprobará no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que a empresa está debidamente constituída, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta, ostenta a solvencia económica, financeira e técnica ou, no seu caso a clasificación correspondente, e non está incurso en ningunha prohibición para contratar.= A non inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores determinará a exclusión do procedemento...”.

Visto que a empresa proposta “**Unipro-Pontevedra, S.L.**” atópase inscrita no Rexistro de Contratistas da CC.AA. de Galicia e cumpre cos requisitos anteditos, procédese a incorporar a





**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA DAR CONTA DAS  
SUBSANACIÓNS EFECTUADAS, XUSTIFICACIÓN DA BAIXA  
DESPROPORCIONADA E, SE PROCEDE, FORMULAR PROPOSTA DE  
ADXUDICACIÓN DO CONTRATO AO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN**

correspondente certificación ao expediente de contratación 4021/2021.

A Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda:

**Primeiro.-** Formular ao órgano de contratación proposta de adxudicación do contrato de servizo “**XESTORÍA LABORAL DO CONCELLO DE CAMBADOS**”, a favor da empresa “**Unipro-Pontevedra, S.L.**”, polo prezo de **9.450,10 €** (Ive engadido), cunha baixa sobre o prezo de licitación de **7.549,90 €**, polo prazo de **1 ano** (coa posibilidade de prórrogas establecida na Cláusula 6ª) de acordo coas condicións da súa oferta. Así mesmo e de conformidade co establecido na Cláusula 32 do Prego o adxudicatario deberá asumir o compromiso de adscribir á execución do contrato unha oficina de atención presencial dos traballadores do Concello de Cambados nalgún dos Concellos do ámbito territorial que comprende a oficina da Tesourería Xeneral da Seguridade Social en Pontevedra ou a Estrada.

**Segundo.-** Requirir á empresa **Unipro-Pontevedra, S.L.** para que, no prazo de **7 días hábiles** á contar dende o seguinte a aquel no que reciba a notificación do requirimento que se practique ao efecto, presente a documentación seguinte:

▶ **Garantía Definitiva: 5 por 100** do importe do prezo final ofertado polo licitador, excluído o imposto sobre o valor engadido.

▶ Ter subscrito un **seguro de responsabilidade civil** que cubra os riscos que poidan derivarse das súas actuacións, mediante póliza por unha contía mínima de 300.000 euros.

▶ **Acreditación da solvencia económica, financeira e técnica.**

**-Solvencia financeira:**

a) Contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en Rexistros oficiais poderán aportar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.

b) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato, referido aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades da empresa.

Deberá acreditarse un volume anual de negocios igual ou superior ao 70 % do valor estimado do contrato.

**-Solvencia técnica e profesional:**

A solvencia técnica e profesional acreditarase polos seguintes medios:

Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos cinco anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

▶ Deberá acreditarse de forma inescusable a **prestación do servizo de xestoría laboral** para a lo menos, dous clientes, nos últimos tres anos e por importe igual ou superior ao 70 % dunha anualidade da presente licitación.

Deberá contar co persoal técnico ou das unidades técnicas contando como mínimo cos seguintes efectivos:

▶ **Título de Diplomado Laboral e/ou Fiscal** con experiencia no mercado de asesoría laboral e/o fiscal non inferior a cinco anos.

▶ **Oficial Administrativo/a** con experiencia no mercado da asesoría laboral e/ou fiscal non inferior a cinco anos.

▶ De acordo co artigo 76.2 da LCSP o adxudicatario deberá asumir o compromiso de adscribir á execución do contrato unha **oficina de atención presencial dos traballadores do Concello de Cambados** nalgún dos Concellos do ámbito territorial que comprende a oficina da Tesourería Xeneral da Seguridade Social en Pontevedra (nº 36/01) ou A Estrada (nº 36/02).





ILMO. CONCELLO DE  
CAMBADOS

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA DAR CONTA DAS  
SUBSANACIÓNS EFECTUADAS, XUSTIFICACIÓN DA BAIXA  
DESPROPORCIONADA E, SE PROCEDE, FORMULAR PROPOSTA DE  
ADXUDICACIÓN DO CONTRATO AO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN**

**Terceiro.-** Que se publique a presente Acta na Plataforma de Contratos de Galicia, na páxina Web e se dea traslado a tódalas empresas participantes no procedemento.

E non tendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión, sendo as dez horas e corenta e cinco minutos, estendéndose a presente Acta, que asina electronicamente o Sr. Alcalde e a secretaria da Mesa de Contratación, no lugar e data indicados no encabezamento.



Cod. Validación: 47YH7YZJMWYCAQD66E935MEZ6 | Corrección: <https://camtbados.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 12